



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ACTA DO SEGUNDO EXERCICIO: PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE CENTRO DA TERCEIRA IDADE - COORDINADOR/A COMO PERSOAL LABORAL FIXO - OEP 2016

EXPEDIENTE: 2019/E001/000020

A Laracha, a 06 de abril do 2021.

Reunidos no edificio administrativo, ás 17:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas selectivas que son:

Presidente

Eduardo Mera Rico Interventor do Concello da Laracha

Secretario

Miguel Piñeiro Souto Secretario do Concello da Laracha

Vocais

Jesús Antelo García Director Información Xuvenil da Xunta de Galicia e ex director de Centro de servizos sociais e da terceira idade.

Sonia Corral Corral Tesoureira do Concello da Laracha

Andrea Rodriguez Lorenzo Animadora Socio cultura Concello da Laracha

Reúnenese os membros do tribunal coa finalidade de elaborar as preguntas que integrarán o exame. Elaborado e impreso este procedese ao chamamento dos aspirantes.

Segundo exercicio eliminatorio: proba práctica de aptitude relacionada co posto de traballo e as materias específicas do Anexo I. O Tribunal establecerá o tempo máximo necesario para o seu desenvolvemento e o seu grao de dificultade. Esta proba práctica de aptitude eliminatoria será valorada ata 20 puntos, sendo necesario obter alomenos 10 puntos para a súa superación

Unha finalizado o mesmo procedese a súa corrección polos membros do tribunal, co seguinte resultado:

DNI	APELIDOS E NOME	CALIFICACIÓN (0 A 20 puntos)
***1182**	BERTO CASTRO MARIA CLARENTINA	18 PUNTOS
***3527**	LOPEZ VARELA M ^a ISABEL	15 PUNTOS

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 19:00 horas, asinando os señores membros do Tribunal dixitalmente á marxe.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ANEXO I

PROBA PRÁCTICA CORRESPONDENTE AO PROCESO SELECTIVO AUXILIAR DE CENTRO DA TERCEIRA IDADE-COORDINADOR/A

(As respostas correctas valoranse con un(1) punto cada unha).

1. Estás no centro da terceira idade de A Laracha no que se están realizando as seguintes actividades: ensaio dun grupo de teatro de persoas maiores, ensaio da coral que ten o centro e un grupo de catro persoas que están xogando as barallas.

Consideras que estas actividades organizadas polo concello favorecen a socialización das persoas maiores participantes? Contesta si ou non

Resposta: _____

2. Atopaste no centro da terceira idade de Caión no que se están realizando actividades que favorecen o mantemento físico das persoas maiores.

Das seguintes actividades, indica cal ou cales consideras que favorecen o mantemento físico?

- a) Pilates. b) Ioga. c) Ximnasia de mantemento. d) Todas

Resposta: _____

3. Imaxina que desde o concello che comunican que se están realizando, nos centros da terceira idade de Caión e de A Laracha, actividades formativas.

Das seguintes actividades, cal ou cales se poden considerar actividades formativas?

- a) curso de alfabetización de adultos. b) curso de introducción á informática
c) obradoiro de encaixe de bolillo. d) Todas

Resposta: _____

4. Desde o departamento de actividades de A Laracha están organizando para os centros da terceira idade do concello unha serie de actividades que favorecen a relaxación. Das seguintes indica as dúas máis adecuadas: a) Meditación Mindfulness; b) Ioga; c) Baile de salón; d) Baile rexional.

Resposta: _____

5. Tendo en conta o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, indica si a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: “as Áreas semiurbanas para a planificación de servizos sociais Comunitarios, inclúe A Laracha na área Semiurbana 1, xunto cos seguintes concellos: Carballo, Coristanco, Malpica, Ponteceso”.

Resposta: _____

6. Segundo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, “as Áreas rurais de alta dispersión caracterízanse por estar situadas nas sete grandes cidades (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago” Indica si esta afirmación é verdadeira ou falsa.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Resposta: _____

7. Tendo en conta o o Artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, indica si a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: "son obxectivos do sistema galego de servizos sociais, entre outros, proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral".

Resposta: _____

8. Segundo o Artigo 1 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, el obxecto deste decreto é a regulación, como servizo público, dos contidos, estrutura, tipoloxía, réxime xurídico e financiamento dos servizos sociais comunitarios como parte fundamental do sistema galego de servizos sociais definido no artigo 2 e seguintes da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia. Indica si esta afirmación é verdadeira ou falsa.

Resposta: _____

9. Segundo o Artigo 2. do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, "os servizos sociais comunitarios garanten el dereito de acceso universal ao sistema galego de servizos sociais a todas as persoas que o soliciten, a condición de que vivan en Galicia, se porten ben cos seus veciños e non emigren antes de seis meses. Indica si esta afirmación é verdadeira ou falsa.

Resposta: _____

10. Segundo o Artigo 4. do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no marco do establecido no artigo 6 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, as persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios terán dereito entre outros: a recibir unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso e a coñecer a organización e o regulamento do servizo. Indica si esta afirmación é verdadeira ou falsa.

Resposta: _____

11. Segundo o Artigo 2. do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, lvos servizos sociais comunitarios poden ter a consideración de básicos ou específicos e son, con carácter xeral, servizos públicos de competencia municipal. Indica si esta afirmación é verdadeira ou falsa.

Resposta: _____

12. Segundo o Artigo 4. do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no marco do establecido no artigo 6 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, as persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios terán dereito entre outros a ser tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

autonomía e acceder e utilizar os servizos en mellores condicións que os non galegos, aínda que estes tamen sexan residentes en Galicia. Indica si esta afirmación é verdadeira ou falsa.

Resposta: _____

13. Segundo o Artigo 20 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, as persoas destinatarias do servizo de educación e apoio familiar, tamén inclúe o apoio a aquelas unidades de convivencia voluntaria con funcións análogas á familiar, sempre que favorezan a autonomía e a integración social das persoas que as constitúen. Indica si esta afirmación é verdadeira ou falsa.

Resposta: _____

14. Segundo o Artigo 23 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no desenvolvemento do programa básico de inserción social os servizos sociais comunitarios básicos, detectarán e valorarán as situacións de persoas, grupos ou áreas territoriais en situación e risco de exclusión. Indica si esta afirmación é verdadeira ou falsa.

Resposta: _____

15. Tendo en conta o o Artigo 1 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, indica si a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: “o obxecto desta lei é estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de benestar”.

Resposta: _____

16. Tendo en conta o o Artigo 2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, indica si a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: “Os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na presente lei e as normas que a desenvolvan”.

Resposta: _____

17. Tendo en conta o o Artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, indica si a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: “son obxectivos do sistema galego de servizos sociais, entre outros, garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, para estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia”.

Resposta: _____

18. Tendo en conta o o Artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, indica si a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: “son obxectivos do sistema galego de servizos sociais, entre outros, facilitar a execución de políticas públicas de





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

anticipación a unha sociedade multicultural emerxente, favorecendo a integración e socialización normalizada de inmigrantes, emigrantes retornados e minorías étnicas, a condición de que as persoas destinatarios estean de acordo”.

Resposta: _____

19. Tendo en conta o o Artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, indica si a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: “son obxectivos do sistema galego de servizos sociais, entre outros, garantir o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas e sensibilizar, informar e promover valores de solidariedade e integración na sociedade galega”.

Resposta: _____

20. Tendo en conta o o Artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, indica si a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: “son obxectivos do sistema galego de servizos sociais, entre outros, promover e garantir ou dereito universal da cidadanía galega ao acceso á vivenda en réxime de aluguer e ao emprego”.

Resposta: _____

